

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



Fragmento de *Ouve-me* (1979), da artista Helena Almeida

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## **Unidade de Igualdade**

Edificio Ernestina Otero 1º andar  
Campus universitario  
Vigo-36310  
[igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal)  
986 813 419



## *CONTIDO*

---

|                                      |           |
|--------------------------------------|-----------|
| <i>AXENDA .....</i>                  | <i>3</i>  |
| <i>FORMACIÓN.....</i>                | <i>5</i>  |
| <i>CONGRESOS E SEMINARIOS.....</i>   | <i>5</i>  |
| <i>CONVOCATORIAS.....</i>            | <i>5</i>  |
| <i>SUXESTIÓNS.....</i>               | <i>6</i>  |
| <i>RECURSOS.....</i>                 | <i>8</i>  |
| <i>NOVAS DO DUVI.....</i>            | <i>11</i> |
| <i>NOVAS.....</i>                    | <i>11</i> |
| <i>DATOS.....</i>                    | <i>15</i> |
| <i>FERRAMENTAS DE IGUALDADE.....</i> | <i>16</i> |

# OUTUBRO

|    | Luns | Martes                                      | Mércores | Xoves | Venres                            | Sábado                                      | Domingo |
|----|------|---------------------------------------------|----------|-------|-----------------------------------|---------------------------------------------|---------|
| 39 | 30   | 1                                           | 2        | 3     | 4                                 | 5                                           | 6       |
| 40 | 7    | 8                                           | 9        | 10    | 11<br>Día Internacional das Nenas | 12<br>Día do Pilar                          | 13      |
| 41 | 14   | 15<br>Día Internacional das Mulleres Rurais | 16       | 17    | 18                                | 19                                          | 20      |
| 42 | 21   | 22                                          | 23       | 24    | 25                                | 26<br>Día Internacional da Intersexualidade | 27      |
| 43 | 28   | 29                                          | 30       | 31    | 1                                 | 2                                           | 3       |

## AXENDA



**30 de setembro e 01 de outubro.** En horario de tarde, no edificio Redeiras. [+Info](#)

O obxectivo desta xornada internacional deseñadas e impulsadas desde os servizos de igualdade da Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, co apoio da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, a través dos fondos do Plan corresponsables, é afondar nas masculinidades coidadoras (caring masculinities).

Hai prazas limitadas para participar presencialmente que se asignarán por orde de [inscrición](#). Tamén se pode asistir virtualmente a través desta [ligazón](#).

**24 de outubro.** *Presentación do IV Informe do Observatorio Stop Machitroles da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo. Lugar e hora por confirmar.*

*Actividades realizadas a través da Convocatoria 2024 de axudas para a organización de actividades docentes e de sensibilización da Unidade de Igualdade*



**27 de setembro.** *Faladoiros en Comercio. A pegada das mulleres na vida industrial da Ría de Vigo. Percorrido náutico. A partir das 16:30 h. Inscripción obrigatoria. [+Info](#)*

**30 de setembro.** *Proxección do vídeo-ensaio Stray Visibility e charla-coloquio coa autora Katarzyna Paszkiewicz (Universitat de les Illes Balears). Salón de Graos (B3) da Facultade de Filoloxía e Tradución. Campus de Vigo. 10.00 - 11.30 h. Aberta a toda a comunidade universitaria e público interesado en xeral. Entrada de balde, non é necesaria inscrición.*

**1 de outubro.** *II Xornada de sensibilización Girlhood Rising: representacións das nenas e mozas nas narrativas audiovisuais contemporáneas. Salón de Graos (B3) da Facultade de Filoloxía e Tradución. Campus de Vigo. 9:45 – 13:30 h. Aberta a toda a comunidade universitaria e público interesado en xeral. Entrada de balde, non é necesaria inscrición.*

**3 de outubro.** *II Xornada As mulleres maiores que sofren violencia de xénero: esquecidas ou invisibles? Sala Emilia Pardo Bazán da Facultade de Educación e Traballo Social. Campus de Ourense. 9:15 – 19:00 h. Recoñecemento de 1 crédito ECTS. Inscripción obrigatoria. [+Info](#)*

**4 de outubro.** *V Xornada Falemos de Ciencia en Igualdade. Sala de Formación do Espazo INCUVI. Campus de Vigo. 9:00 – 14:00 h. Inscripción proximamente. [+Info](#)*

**4 de outubro.** *VI Xornada Olladas á antigüidade. A pobreza e a muller na antigüidade. Salón de graos do edificio do Ferro do Campus de Ourense. 10:00 – 14:30 h. Actividade dirixida ao estudiantado pero aberta a público xeral. Inscripcións: [isouto@uvigo.gal](mailto:isouto@uvigo.gal)*

**7 de outubro.** *Xornada Do sexting ao acoso e o abuso sexual baseado nas imaxes entre adolescentes: novos riscos online. Facultade de Educación e Traballo social do Campus de Ourense.*

**18 de outubro.** *Xornada Fundraising inclusivo como forza de cambio social. Espazo INCUVI. Campus de Vigo. 8:00 – 15:00 h.*

*Actividades realizadas a través da cuarta edición do Distintivo de Igualdade:*

**18 de outubro.** *Gabriela Salinas: «Impacto del liderazgo femenino en el poder blanco de las naciones (marca país)». Facultade de Comercio. Campus de Vigo. 10:30 h.*

## FORMACIÓN

*Programa formativo composto por dúas accións independentes:*

- *E ti, sabes como actuar fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo?*  
Datas: 08/10 e 05/11.
- *A universidade, espazo libre de violencias machistas?*  
Datas: 30/09, 21/10 e 18/11.

*Dirixido a toda a comunidade universitaria da UVigo: PDI, PTXAS e estudantado. Modalidade virtual síncrona a través do Campus Remoto. Inscripción habilitada progresivamente a través de Bubela, ata completar as 20 prazas dispoñibles para cada sesión.  
O horario da formación é de 16:00 h a 19:00 h.*

## CONGRESOS E SEMINARIOS

*6ª edición do Congreso Internacional de Educación Intercultural e de Xénero. Construindo espazos de paz: educación para a non violencia. Os días 8, 9 e 10 de outubro. (ES) [+Info](#)  
GENDERCOM. X Congreso Internacional de Comunicación e Xénero.*

*Presencial o 30 e 31 de outubro e en liña o 28 e 29 de outubro. (ES) [+Info](#)*

*I Congreso Internacional sobre Vulnerabilidade Social e Violencias Machistas: «Transitando a Incertidume. Mirada Teórico-Prácticas». Os días 20, 21 e 22 de novembro de 2024. (ES) [+Info](#)*

*V Congreso Internacional do ICCA. Grupo de traballo GT. 4: Administracións públicas en clave de xénero. Os días 20, 21 e 22 de novembro de 2024. (ES) [+Info](#)*

*I Congreso Internacional Corporalidades Sociais, Subxectividades e Disidencias. Simposio Corpo, Xénero e Sexualidade. Dispoñible para ver en liña. (ES) [+Info](#)*

## CONVOCATORIAS

*Convocatoria de artigos: Feminismo/s no. 46: Masculinidades no mundo global: una visión da educación. Recíbense artigos en inglés ata o 30 de setembro. (EN) [+Info](#)*

*Premios ao Novo Talento Científico Feminino. Ata o 20 de outubro. (ES) [+Info](#)*

*Concurso de relatos curtos Contos\_EME\_2024. Ata o 30 de outubro. [+Info](#)*

*Premio de investigación María Isidra de Guzmán. Ata o 31 de outubro. (ES) [+Info](#)*

*Gender and Justice O primeiro número, que sairá na primavera do 2025, ten aberto o prazo de presentación de artigos. [+Info](#)*

### III edición dos premios Celia Amorós de ensaio feminista [+Info](#)

Convocados polo Instituto das Mulleres para fomentar e premiar a investigación relacionada cos estudos feministas desde calquera ámbito e en calquera das linguas oficiais. Pódense presentar traballos individuais ou colectivos ata o 15 de decembro.

**Bolsa PARC Tanya Baker-Asad 2025-2026 de doutoramento para mulleres palestinas.** Ata o 10 de xaneiro de 2025. (EN) [+Info](#)

**Premio para persoal investigador emerxente Gender, Place and Culture.** Ata o 31 de xaneiro de 2025. (EN) [+Info](#)

**ex æquo – Revista da Associação Portuguesa de Estudos sobre as Mulheres.** (PT) [+Info](#)  
Convocatoria de artigos en castelán, portugués, francés ou inglés.

## SUXESTIÓNS

«A vergoña ten que cambiar de bando». Esta frase foi pronunciada por [Gisèle Pelicot](#), durante o macroxuízo que está tendo lugar en Aviñón por violencia sexual por parte do que era o seu home durante máis dunha década. A muller, de 71 anos, estase a converter nun símbolo do feminismo a partir da súa decisión de facer público o xuízo, expoñéndose e, sobre todo, expoñendo aos 52 homes (identificados polas gravacións) que abusaron dela á mirada de todo o mundo.



Gisèle Pelicot durante o xuízo

O estigma e a revitimización provocan que, en moitas ocasións, o discurso das mulleres que sufriron violencia machista quede silenciado. Por iso queremos dedicar este apartado a visibilizar o relato das vítimas. Aínda que a denuncia pública non é a única forma de actuar ante estas situacións, é necesario escoitalas para recoñecer a súa axencia.



Ana Baquedano


[Ana Baquedano](#) sufriu sextorsión despois de que a súa ex-parella compartise unha fotografía dela espida sen o seu consentimento. Buscou a axuda de persoas achegadas e da ONG Indignación, coa que se conseguiu o peche da páxina web desde a que se difundía a imaxe. Actualmente, Ana dedícase ao activismo con conferencias, artigos e intervencións nos medios, chegando a compartir nas súas redes a fotografía coa que comezou todo. Axudou a promover a [Lei Olimpia](#) para o uso non autorizado de imaxes íntimas doutras persoas que foi aprobada no ano 2018 no parlamento de Yucatán e creou a asociación Consentimiento Digital A.C. Nós coñecemos a súa historia a través do podcast Las Raras, que dedicaron [dous episodios](#) a relatar o seu caso.

***Herba** é unha novela gráfica de Keum Suk Gendry-Kim que conta a historia real de Lee Ok-Sun, unha moza coreana que foi explotada sexualmente como «muller de consolo», como se chama ás que foron usadas como escravas sexuais do exército xaponés na Guerra do Pacífico. A obra, elaborada a partir de entrevistas realizadas a Ok-Sun nunha residencia de anciáns, conta a infancia da protagonista nunha familia pobre e os tres anos que pasou sufrindo o abuso dos soldados. A señora Lee conta como a pedra que tiña no seu corazón desapareceu a primeira vez que testificou canda outras superviventes.*



Lee Ok-Sun con Keum Suk Gendry-Kim

### El consentimiento Vanessa Springora



Portada da edición en castelán


No libro ***O consentimento***, Vanessa Springora narra o abuso que sufriu por parte do escritor Gabriel Matzneff. Mantiveron unha relación prolongada no tempo cando ela tiña 14 anos e el 50. A autora describe a súa experiencia e o trauma que lle provocou. O intelectual francés, ademais de avogar pola despenalización da pederastia, manipulou a outras persoas menores ademais de a Springora. Existe tamén unha ***película*** baseada nas memorias co mesmo título dirixida por Vanessa Filho.

Este mes estreouse ***Soy Nevenka***, un filme dirixido por Icíar Bollaín sobre o caso de ***Nevenka Fernández***, a primeira muller española en lograr a condena por acoso sexual dun cargo político,



Póster de Soy Nevenka (2024) e Nevenka Fernández nunha rolda de prensa durante o xuízo

o daquela alcalde de Ponferrada Ismael Álvarez, no ano 2001. Tanto durante o proceso xudicial como despois, o testemuño de Nevenka foi posto en dúbida, e ela sometida ao acoso e as ameazas dunha maioría que cría e apoiaba ao seu agresor. Ao final, decidiu




Póster de Unbelievable

trasladarse a Inglaterra e actualmente vive coa súa familia en Irlanda. A súa historia tamén está na docuserie ***Nevenka*** (Maribel Sánchez-Maroto, 2021) e no libro do 2004 ***Hay algo que no es como me dicen: El caso de Nevenka Fernández contra la realidad***, escrito por Juan José Millás.

A hostilidade e a incredulidade ás que se ten que enfrontar unha vítima tamén aparecen na serie ***Unbelievable*** (Sarah Timberman, Carl Beverly e Katie Couric, 2019), neste caso cando unha moza que sofre unha violación denuncia á policía. A produción baséase no artigo de Ken Armstrong and T. Christian Miller ***An Unbelievable Story of Rape***, que trata sobre as violacións en serie cometidas por Marc Patrick O'Leary.

Por último, queremos dar valor ao discurso e as accións das familias das vítimas falando do exemplo de [Regina Jardim](#), unha mestra xubilada do Brasil que elabora na rede un memorial chamado [Quem ama libera](#). Aí recolle as fotografías e historias de vítimas de feminicidio no Brasil desde hai 17 anos, cando a súa filla foi asasinada pola súa ex-parella.



## RECURSOS

*Informe de responsabilidade Generation Equality 2024.* (EN) [+Info](#)

*Por que algunhas mulleres entran cedo na menopausia e como iso podería afectar o seu risco de cancro.* (EN) [+Info](#)

*Feminist Africa 2024, volume 5, 2. «Repensar os feminismos africanos é o ‘novo’ normal».* (EN) [+Info](#)

*Un futuro con igualdade de xénero en crise? Achados do Índice de Xénero SDG 2024.* (EN) [+Info](#)

*Informe Mulleres Investigadoras 2024. Comisión de Mulleres e Ciencia do CSIC.* (ES) [+Info](#)

*Os talibáns «arruinaron a miña vida». Científicas que fuxiron tras a toma do poder alzan a voz.* (EN) [+Info](#)

*A exposición á fame no ventre materno duplica o risco de diabetes décadas despois.* (EN) [+Info](#)

*Os nesgos de xénero poden estar funcionando a nivel de disciplinas enteiras* (EN) [doi.org/10.1038/d41586-024-02502-6](https://doi.org/10.1038/d41586-024-02502-6)

Regina Jardim

*Explorando colaboracións solidarias no ámbito académico a través de diálogos feministas reflexivos* (EN) [doi.org/10.1111/gwao.13115](https://doi.org/10.1111/gwao.13115)

*Desigualdade en 1 700 películas populares: Examinando as representacións de xénero, raza/etnia, LGBTQ+ e discapacidade de 2007 a 2023* (EN) [+Info](#)

*Mulleres novas e trastornos da conduta alimentaria. Impacto dos roles e estereotipos de xénero* (ES) [+Info](#)

*O acoso sexual, sexista e LGTBIQfóbico na Universidad Complutense de Madrid. Unha análise a partir de experiencias situadas de violencia* (ES) DOI:10.13140/RG.2.2.10429.68321 [+Info](#)

**Educación sexual integral para a prevención da violencia de xénero** (EN) [+Info](#)

**In Mujeres. Monografías feministas núm. 3. Comunicación** [+Info](#)

**Onde están as mulleres nos videoxogos?** (ES) [+Info](#)

Vídeo realizado polas especialistas Virginia Calvo, Ana Oliveras, Anna Tonda e Linda Rytman.

**Género, gamers y videojuegos. Una aproximación desde el enfoque de género, al consumo de videojuegos y la situación de las jugadoras en el sector** [+Info](#)

**Cuestiones de Género: de la igualdad y la diferencia.** Núm. 19 (2024): Feminismo, coeducación y socialización en la posmodernidad [+Info](#)

**Que é a violencia sexual? Dossier novembro 2023. Geo Violencia Sexual.** (ES) [+Info](#)

**Women 4 Ethical AI.** (EN) [+Info](#)

**Selección de cómics e tebeos** da xornalista crítica e investigadora especializada en cultura popular e feminismo, Elisa McCausland. (ES) [+Info](#)

- *Superbollo contra la Liga Exterminadora de Feminazis Antisistema, Irene Sala i Brotons e Marian Torres (Continta me tienes).* [+Info](#)
- *La tierra yerma, Carla Berrocal (Reservoir Books).* [+Info](#)
- *La lesbiana del zodiaco, Victoria Rubio.* [+Info](#)
- *Barbarie, zine de terror LGBT+, VVAA (Bronco Comics).* [+Info](#)
- *Death In The Mouth: An Anthology of Original Horror from the Margins, Sloane Leong e Cassie Hart (Eds.).* [+Info](#)
- *Publicacións de Erika Price.* [+Info](#)
- *PeePee-PooPoo, Caroline Cash.* [+Info](#)
- *Vulva Viking, Elizabetj Pitch (Les Requins Marteaux).* [+Info](#)

**Escavando a diferenza sexual na linguaxe e no pensamento.** (ES) [+Info](#)

**Prevención de ciberviolencias machistas: Guía para familias.** (ES) [+Info](#)

**Apoio, información e recursos fronte á violencia sexual.** (ES) [+Info](#)

**Informe anual CIMA 2023. A representación das mulleres no sector cinematográfico da longametraxe española.** (ES) [+Info](#)

**Necesita mellorar. Mapa de atención á anticoncepción en España.** (ES) [+Info](#)

**Guía de conciliación da vida persoal, familiar e laboral do persoal da Universidade de Vigo.** (GAL) [+Info](#)

Esta guía informativa recompila os dereitos e as posibilidades das que dispón o persoal da Universidade de Vigo para conciliar a súa vida persoal, familiar e laboral. A guía ten un carácter orientativo e deberá consultarse cos servizos que corresponde en cada situación, segundo as circunstancias e a lexislación que aplique.

*Unha revolución de inclusión astronómica. Avances en diversidade, equidade e inclusión na Astronomía e a Astrofísica profesionais.* (EN) [+Info](#)

*Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos espazos de ocio nocturno.* (ES) [+Info](#)

*Informe sobre prostitución en España enviado ás Nacións Unidas.* (ES) [+Info](#)

*As leis estatais anti-DEI (diversidade, equidade e inclusión) sementan incertidume nas escolas e universidades públicas.* (EN) [+Info](#)

*Informe sobre prostitución en España.* (ES) [+Info](#)

*Revisitando aliados masculinos en Matemáticas e Física ao longo da historia: referentes para os homes na educación STEM.* (EN) [+Info](#)

*Recoñecer, actuar e restaurar: Manual básico para afrontar as violencias machistas.* (GAL) [+Info](#)

*Investigación: cando as persoas empregadas se identifican coa súa empresa é menos probables que detecten a discriminación de xénero.* (EN) [+Info](#)

*Orzamentos con enfoque de xénero. Unha folla de ruta para a súa implementación desde as experiencias de América Latina.* (ES) [+Info](#)

*Culpables ata que se demostre o contrario. Percepcións e recursos de adolescentes españois sobre masculinidades e violencia de xénero.* (ES) [+Info](#)

*Tara for women. Arte e cultura. Apoio a mulleres artistas.* (ES) [+Info](#)

*Nobel run stories. Libreto de científicas.* (ES) [+Info](#)

*O mapa do deserto: A atención sanitaria á Saúde Mental Perinatal en España.* (ES) [+Info](#)

*Revista IgUALdad núm. 24.* (ES) [+Info](#)

*Pílulas de vídeo #Mujeresencifras.* (ES) [+Info](#)

*Xénero e feminismo na Green European Foundation.* (EN) [+Info](#)

*Audiolibros para comezar a entender o feminismo.* (ES) [+Info](#)

*As que contan a ciencia: Nós e os nosos corpos* (ES) [+Info](#)

*Novo estudo: Impacto da pornografía na violencia sexual.* (ES) [+Info](#)

*Desconecta de tu expareja. Guía para previr ou mitigar posibles Violencias Machistas Dixitais.* (ES) [+Info](#)

*Recollida de sinaturas polo dereito ao aborto.* (EN) [+Info](#)

---

## NOVAS DO DUVI

---

*Investigadoras da UVigo analizan as mecánicas do machismo dixital e achegan propostas para facerlle fronte* [+Info](#)

*Así varría, así, así. Así varría que eu o vin.* [+Info](#)

*UVigo e Deputación destinan 24.000 euros ás axudas de investigación da Cátedra de Feminismos 4.0.* [+Info](#)

---

## NOVAS

---

*Carlota, Mónica e Justyna: ser lesbiana en Polonia tras unha década de políticas de extrema dereita.* (ES) [+Info](#)

*Dez compositoras do Barroco francés silenciadas pola historia alzan a voz nun templo románico de Zamora.* (ES) [+Info](#)

*O Constitucional ampara a unha muller cuxo fillo matou a súa ex-parella cando debía estar en prisión.* (ES) [+Info](#)

*O TC ampara a unha nai que non respectou o réxime de visitas do ex-marido ao denunciálo por violencia machista.* (ES) [+Info](#)

*«Por que non se gravou aquí a película de Nevenka?»: o silencio e a vergoña cambian de bando en Ponferrada.* (ES) [+Info](#)

*Deteñen a 21 persoas por explotar a mulleres colombianas en Castellò, Madrid, Málaga e Valencia.* (ES) [+Info](#)

*A Gisèle antes de Gisèle Pelicot da que naceu a frase «a vergoña ten que cambiar de bando».* (ES) [+Info](#)

*Onde están as mulleres na tele?* (ES) [+Info](#)

*A semana de Gisèle: aplausos no xulgado, rabia na rúa e violadores ante o tribunal.* (ES) [+Info](#)

*Decretan prisión permanente revisable para o asasino de Marta Calvo e outras dúas mulleres.* (ES) [+Info](#)

*Mulleres afgás: vetadas da vida pública, expostas á violencia sexual.* (ES) [+Info](#)

*Os xuíces ordenan o ingreso en prisión da «manada de Badajoz».* (ES) [+Info](#)

*Aumentan a 37 as exmpregadas que denuncian ter sufrido violencia sexual por parte de Al Fayed, exdono de Harrods.* (ES) [+Info](#)

*As catro heroínas do Titanic galego: a historia das mulleres que salvaron os náufragos de Sálvora.* (ES) [+Info](#)

*Interior rexistrou 123.452 feitos graves de violencia de xénero en 2023, un 48 % máis que hai cinco anos.* (ES) [+Info](#)

*A UVigo analiza a relación muller e poder no Imperio romano a través das exiliadas.* (ES) [+Info](#)

*Detido por violencia de xénero un concelleiro do PP na localidade ourensá de Ribadavia.* (ES) [+Info](#)

*Carme Coma, vítima de abuso sexual do futbolista Hugo Mallo: «Dubidei de que me desen a razón aínda tendo as imaxes».* (ES) [+Info](#)

*Como 350 mulleres reconstruíron a londinense Ponte de Waterloo baixo as bombas nazis.* (ES) [+Info](#)

*Ayuso denega a bolsa comedor a unha muller vítima de violencia machista.* (ES) [+Info](#)

*Mariona Borull, xurado en Sitges, renuncia ao seu cargo «pola ausencia de cineastas mulleres e non binarias».* (ES) [+Info](#)

*La Otra, cantautora: «Na música segue habendo moitos máis homes que mulleres en lugares de recoñecemento».* (ES) [+Info](#)

*Shakira baixa dun escenario despois de que intentasen gravala baixo o vestido.* (ES) [+Info](#)

*Un home amputa a man á súa parella en Santa Coloma de Gramenet e dáse á fuga.* (ES) [+Info](#)

*Milleiros de persoas marchan en apoio a Gisèle Pelicot e contra os «51 bos pais» xulgados por violala.* (ES) [+Info](#)

*A represión e resistencia dixital en Irán dous anos despois do asasinato de Mahsa Amini.* (ES) [+Info](#)

*Permanece estábel na UCI a muller agredida pola súa ex-parella en Vigo: botoulle gasolina e predeulle lume.* (GAL) [+Info](#)

*Dominique Pelicot: «Son un violador, coma todos os demais acusados, que o sabían todo».* (ES) [+Info](#)

*Detido en Vigo por mollar con gasolina e prender lume á súa ex-parella na porta da súa casa.* (ES) [+Info](#)

*A ilustradora Bea Lema, Premio Nacional do Cómic 2024 por El cuerpo de cristo.* (ES) [+Info](#)

*Nin o 20% das mulleres gobernan Spotify: de artistas a técnicas e produtoras: así afecta a fenda de xénero á industria musical.* (ES) [+Info](#)

*O ex do Celta Hugo Mallo, culpábel de abuso sexual á muller que vestía o traxe da mascota do Espanyol.* (GAL) [+Info](#)

*Detido un home en Bilbao tras asasinar á súa muller cunha arma branca.* (ES) [+Info](#)

*Que empurra ás mulleres guineanas a marchar?* (ES) [+Info](#)

*Cando a lentitude da Xustiza supón que unha rede de prostitución de menores saia case sen condena.* (ES) [+Info](#)

*Atopan o corpo dunha muller nun cuarto pechado e insonorizado nunha casa de Villalbilla e deteñen o seu marido.* (ES) [+Info](#)

*Rebecca Horn, a pioneira da performance feminista que liberou o corpo das súas fronteiras.* (ES) [+Info](#)

*Un xulgado de violencia sobre a muller de Madrid cita ás vítimas para dentro de cinco meses por falta de medios.* (ES) [+Info](#)

*Un acusado do caso Pélicot tamén drogaba á súa muller para violala.* (ES) [+Info](#)

*O asesinato evitable de Rebecca Cheptegei.* (ES) [+Info](#)

*O decreto de prevención de riscos para as traballadoras do fogar esíxelles confidencialidade.* (ES) [+Info](#)

*Os mossos deteñen a un menor de 15 anos acusado de violar a unha rapaza de 18 en Salou.* (ES) [+Info](#)

*Unha década para sentar no banco a nove empresarios por abuso de menores en Murcia: «Pedían rapazas novas».* (ES) [+Info](#)

*Xa hai xurisprudencia: unha empregada do fogar galega consegue unha pensión sen contar con 15 anos cotizados.* (ES) [+Info](#)

*Un ano da desaparición da camareira dun barco do CSIC que denunciou unha agresión sexual.* (ES) [+Info](#)

*O PSOE DE Zaragoza anuncia que o Ayuntamiento financie con 30.000 euros a plataforma antiabortista Red Madre.* (ES) [+Info](#)

*O despido da única muller condutora de autobuses da empresa: «Se fose un home, non o farían».* (ES) [+Info](#)

*Criminalización, racismo e abuso de poder: mulleres migrantes denuncian acoso policial en Sestao.* (ES) [+Info](#)

*UVigo e Deputación destinan 24.000 euros ás axudas da Cátedra Feminismos 4.0.* (GAL) [+Info](#)

*As mulleres que aprazaron a súa carreira para permitir o éxito da arquitectura moderna española.* (ES) [+Info](#)

*Marta Domínguez proclámase campioa do Mundo universitaria.* (ES) [+Info](#)

*Maioría de homes conservadores copan a comisión Von der Leyen 2.0.* (ES) [+Info](#)

*Ana Amado: «Algunhas mulleres ían ao lavadoiro cando os mariñeiros cobraban para non aguantalos».* (GAL) [+Info](#)

*Ser muller e cooperante en Gaza: «Mostrámonos fortes ante os nosos fillos para que non se derruben».* (ES) [+Info](#)

*A humorista Ane Lindane denuncia o seu acosador en redes sociais: «Os fachirulos é o que teñen, é o seu estilo».* (ES) [+Info](#)

*A filla e a nora de Gisèle Pelicot, a quen o seu home drogou para que fose violada, sospeitan ter sido vítimas de abuso.* (ES) [+Info](#)

*As mulleres detrás do herbicida natural galego: «A resistencia é practicamente nula».* (GAL) [+Info](#)

*A fiscalía alerta da «alarmante espiral que non para de medrar» de delitos sexuais cometidos por menores.* (ES) [+Info](#)

*A atleta olímpica Rebecca Cheptegei en estado crítico despois de que a súa parella lle prendese lume.* (ES) [+Info](#)

*A canle portuguesa no Telegram onde 70 mil homes comparten revenge porn todos os días.* (PT) [+Info](#)

*Expertas en saúde sexual urxen promocionar un enfoque positivo da sexualidade: «Non só se reduce aos xenitais e ás relacións coitais».* (GAL) [+Info](#)

*Mulleres, xornalistas e con decenas de milleiros de seguidores: as vítimas do hackeo de contas en X.* (ES) [+Info](#)

*Detido o futbolista do Valencia CF Rafa Mir por presunta agresión sexual.* (ES) [+Info](#)

*A maxistrada Isabel Perelló, primeira muller en presidir o Poder Xudicial.* (ES) [+Info](#)

*«Cando es unha muller enxeñeira acostúmaste a estar en minoría».* (ES) [+Info](#)

*O alcalde de Vita (Ávila) négase a dimitir tras interpretar unha canción con contido pederasta.* (ES) [+Info](#)

*Permisos para coidar: a mayoría dos pais os usan, pero a metade os disfruta coa nai.* (ES) [+Info](#)

*O alcalde dun pobo de Ávila canta unha letra que fala de abusar dunha nena nunha verbena.* (ES) [+Info](#)

*Asasinada unha muller en Castelló vítima de violencia machista.* (ES) [+Info](#)

*Mulleres que riron en silencio máis forte que nunca: unha historia de histerias, cine e un legado devolto.* (ES) [+Info](#)

*Amanda Gutiérrez, presidenta do sindicato FUTPRO: «As futbolistas queren que as deixen de tratar coma unha causa social».* (ES) [+Info](#)

*Un grupo de mulleres recolle sinaturas para esixir ao Goberno que leve á xustiza internacional a causa das afgás silenciadas.* (ES) [+Info](#)

## DATOS

---

*Informe Global de Fenda de Xénero 2023* [+Info](#)

*Observatorio de Igualdade da UVigo 2023* [+Info](#)

*Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España* [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

*Científicas en Cifras 2023* [+Info](#)

*Boletín Estatístico Mensual da Deleg. de Goberno contra a Violencia de Xénero* [+Info](#)

*Observatorio Igualdade Emprego* [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

*Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero* [+Info](#)

*As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas* (EN) [+Info](#)

*Mapeo do teito de cristal das rexións europeas* [+Info](#)

*Institucións sociais e índice de xénero* (EN) [+Info](#)

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

**Recursos contra as violencias machistas da UVigo** [+Info](#)

**Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo** En [Ourense](#) e [Vigo](#).

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**  
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20  
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24  
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí  
900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades)**  
[Cita previa](#)

**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 [+Info](#)

**APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)

**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX**

(ES) [+Info](#) **Guía de actuación fronte á violencia machista** [+Info](#)

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** [+Info](#)

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** [+Info](#)

**Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos** [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

**RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais** [+Info](#)

**Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por VX, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.** [Ano 2024](#)

**Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata.** [Ano 2024](#)

**Axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)